

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

IES DA POBRA DO CARAMIÑAL

CURSO 2022- 2023

XEFA DE DEPARTAMENTO: MARÍA EUGENIA NOVO SAMPEDRO

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA 2022 - 2023

1. CONTEXTUALIZACIÓN E INTRODUCCIÓN páx. 3
2. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL, INCIDINDO NOS SEGUINTE ASPECTOS PÁX.6
3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE páx. 8
4. OBXETIVOS DA EDUCACION SECUNDARIA OBLIGATORIA (currículo LOMCE) páx.11
- 4.1 OBXETIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA (currículo LOMCE)
5. OBXECTIVOS POR CURSO ECONOMÍA 4º DE ESO pax. 13
6. MÍNIMOS ESIXIBLES ECONOMÍA 4º DE ESO páx. 14
7. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ECONOMÍA DE 4º DE ESO Páx. 15
8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA páx.25
9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS páx. 25
10. ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO páx. 25
11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PAX. 25
12. AVALIACIÓN páx. 27
13. PRODEDEMENTOS DE AVALIACIÓN PÁX. 27
14. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN páx. 28
15. CRITERIOS XERAIS DE CUALIFICACIÓN pax.29
16. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS páx. 32
17. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN páx 32
18. CRITERIOS XERAIS DE RECUPERACIÓN páx.32
19. PLAN PARA SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES páx. 32
20. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR páx. 32
21. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC páx. 33

22. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES páx. 33
23. PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS páx. 33
24. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. páx. 34
25. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA páx. 37
26. INFORMACIÓN AO ALUMNADO SOBRE A PROGRAMACIÓN. páx. 37
27. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA páx. 37

## 1.CONTEXTUALIZACIÓN E INTRODUCCIÓN.

### 1.1 CONTEXTUALIZACIÓN

Entendense por contexto o contorno social, histórico e xeográfico no que se realiza o labor docente. Entón contextualizar sería adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe as diferentes coxunturas xeográficas, históricas e sociais. O desenvolvemento da programación debe partir da realidade sociocultural da zona concreta na que está situado o Centro, pois toda a Programación Didáctica debe adaptarse e adecuarse á realidade e necesidades do contorno ao que vai dirixido.

Esta programación desenvólvese no Instituto de Ensino Secundario da Pobra do Caramiñal no concello de Pobra do Caramiñal. Este concello atópase nas Rías Baixas. Pertence á provincia de A Coruña e consta de cinco parroquias: Santa María A Antiga do Caramiñal, Santiago do Deán, Santa Cruz de Lesón, Santa María do Xobre e San Isidro de Posmarcos. Ocupa unha extensión de 32,51 km cadrados e no ano 2014 contaba con unha poboación de 9.672 habitantes, aproximadamente.

O alumnado do centro procede na súa maioría de Pobra do Caramiñal. As ensinanzas que se imparten no centro son as seguintes: ESO, Bacharelato nas modalidades de Humanidades e CCSS e de Ciencias, os ciclos formativos de Grao Superior de Dietética, e o ciclo de Grao Medio de Coidados Auxiliares de Enfermería. Dentro da modalidade de Humanidades e CCSS, o alumnado poderá optar polo itinerario de Humanidade ou polo itinerario de Ciencias sociais

O contexto físico onde está ubicado este instituto é un área costeira onde fundamentalmente a actividade económica xira a redor da pesca e a industria conserveira.

### Introdución

No novo curso que iniciamos debemos adaptar a nosa labor educativa ás novas disposicións no relativo ás avaliacións extraordinarias do mes de xuño, en concreto as que veñen reguladas na **ORDE do 20 de maio de 2022** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto no seu artigo dez apartado o dous que dí textualmente o seguinte:

#### *Artículo 10. Sesiones de evaluación*

1. As sesións de avaliación final ordinaria do alumnado do segundo curso de bacharelato se adecuarán ás datas previstas para a ABAU.

2. A sesión de avaliación final ordinaria do alumnado do primeiro curso del bacharelato, a sesión da avaliación final de módulos do alumnado do primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico, así como a sesión de avaliación previa á avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria, deberán realizarse a partir do día 5 de xuño de 2023.

3. As sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado do bacharelato e do primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico, a sesión de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria, as sesións da avaliación final de ciclo do segundo curso dos ciclos da formación profesional básica e as sesións da avaliación final de módulos do alumnado dos ciclos formativos de formación profesional deberán realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023.

## Artículo 11. Pruebas finales

1. O alumnado de segundo de bacharelato con materias pendentes do primeiro curso será convocado, de ser caso, a unha proba final que se adecuará ás datas previstas para a ABAU.

2. As probas finais da convocatoria extraordinaria para o bacharelato e o primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico realizaranse entre o 19 e o 21 de xuño de 2023.

No concierne a como se levará a cabo por este departamento, durante dito período de tempo os alumnos que teñan superada a asignatura na avaliación ordinaria (no caso do bacharelato) ou teñan aprobadas todas as avaliacións (no caso da ESO) deberán acudir a clase con normalidade, tempo durante o cal serán atendidos pola profesora de economía e farán actividades relativas ós contidos das distintas asignaturas na mesma aula que o resto dos compañeiros que non acadaron aínda a avaliación positiva sexa na avaliación ordinaria (no caso do bacharelato) ou teñan aprobadas todas as avaliacións (no caso da ESO). Estes últimos farán actividades de recuperación e examen tamén de recuperación, tendo como finalidade acadar os obxectivos propostos para cada asignatura nesta programación.

### 1.2 INTRODUCCIÓN

Na presente programación teranse en conta algún dos apartados redactados con motivo da memoria final do curso 2021-2022, en concreto os seguintes:

#### 04. LOGROS ACADADOS. C) PROPOSTA E SOLUCIÓNS A INTRODUCIR NA PROGRAMACIÓN DO VINDEIRO CURSO PARA TRATAR DE SOLVENTAR AS DIFICULTADES.

Propónse que na programación do vindeiro curso se faga unha relación máis realista das unidades didácticas a impartir, para tratar de evitar deixar temario sen impartir coa suficiente profundidade, así como revisar estándares de aprendizaxe que se consideren máis imprescindibles para poder clarificar o que é o máis relevante para o desenvolvemento de cada materia na materia regulada pola LOMCE.

Propónse revisar a programación de cara ó vindeiro curso para tratar de axustala o máis posible ás ensinanzas que se imparten e mellorar así de forma significativa a calidade da práctica docente, utilizando cada vez máis as novas tecnoloxías da información e a comunicación e todos os recursos dos que se dispón para que os alumnos acaden os obxectivos propostos e seguir adaptándose as programacións á nova lexislación educativa.

DATOS DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

PROFESORA: MARIA EUGENIA NOVO SAMPEDRO

MATERIAS QUE IMPARTE:

ECONOMÍA 4º ESO

ECONOMÍA 1º BACHARELATO

LEXISLACIÓN DE REFERENCIA PARA A ESO

RD 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da ESO e do bacharelato.

Orden ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, do ministerio de educación, sobre competencias.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

*Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa, en relación coas medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria*

*Resolución do 17 de xuño de 2021, pola que se dictan normas para o desenvolvemento das distintas ensinanzas no curso 2021-2022*

*Resolución de 10 de setembro, pola que se dictan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19*

### 1.2.1 INTRODUCCIÓN Economía de 4º ESO

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

A materia de economía de 4º de ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos.

Estrutúrase en seis bloques:

#### 1º BLOQUE

"Ideas económicas básicas" recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica.

2º BLOQUE: "Economía e empresa" analízase o papel e o funcionamento do axente empresa na economía.

3º BLOQUE: "Economía persoal" está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas.

4º BLOQUE: "Economía e ingresos e gastos do Estado" repasa o papel estatal no funcionamento economía a través da análise dos seus ingresos e gastos.

5º BLOQUE: "Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego" repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego.

6º BLOQUE: "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

## 2.PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL, INCIDINDO NOS SEGUINTE ASPECTOS.

### a.-METOLOXÍA DE TRABALLO QUE SE SEGUIRÁ NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA

Metodoloxía a empregar: O profesorado publicará na aula virtual as instrucións do traballo a realizar, así como os períodos de entrega de tarefas, con periodicidade semanal ou quincenal. O profesorado estará a disposición do alumnado para resolución de dúbidas ou calquera outra necesidade, ben a través de videoconferencias a través da plataforma cisco webex con toda a aula, convocadas con antelación suficiente, ou a través do foro de novas (aula virtual, e-dixgal), mensaxes na aula virtual, correo electrónico ou plataforma abalar.

Os criterios xerais a considerar para o deseño e o desenvolvemento desta programación didáctica serán os seguintes:

- Favorecer que o alumnado poida promocionar e titular.
- Ter en conta a desigualdade que produce o confinamento entre o alumnado e que se materializa nas diferenzas de apoio que pode recibir o alumnado no seu entorno e a dispoñibilidade de recursos tecnolóxicos para desenvolver unha educación non presencial.
- Evitar o incremento do estrés propio da situación cunha proposta excesiva de tarefas e actividades educativas.
- Evitárase a sobrecarga de tarefas a facer polo alumnado e para acadar este obxectivo as actividades non poderán exceder o 80 % do tempo semanal asignado no horario do grupo a súa materia.
- As actividades e tarefas a desenvolver favorecerán recuperación, repaso, reforzo e ampliación.
- O profesorado seleccionará e adaptará as metodoloxías máis axeitadas á situación e ós recursos tecnolóxicos dispoñibles polo seu alumnado e tentárase en todo momento o emprego de recursos mínimos e sinxelos.
- **A avaliación final do curso terá en conta o traballo feito nos tres trimestres e será continua, formativa e diagnóstica.**

### b.-MODO DE PREVER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINAZA TELEMÁTICA.

Aplicación do **PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021**, que prevé no punto 29 o relativo as **AULAS VIRTUAIS E ENSINO A DISTANCIA**

**29.1. A Consellería de Educación, Universidade e FP facilita a todos os centros educativos unha Aula Virtual, a través do enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iespobracaraminal/aulavirtual/login/index.php>**

**29.2. As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en diante. O seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo. Nos cursos anteriores habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou vídeo chamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos para este tipo de alumnado.**

**29.5. Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Cando sexa posible usarase a aula de informática do centro para estas tarefas.**

**29.8. No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.**

c.-MECANISMOS QUE O PROFESORADO ADOPTARÁ PARA ASEGURAR O SEGUIMIENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO

Tendo en conta o referido anteriormente respecto do marco que rexe nesta situación é decir as instrucións e o protocolo faremos o seguimento a través das aulas virtuais.

Conforme as *Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa, en relación coas medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria*, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020, levarase a cabo accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade presencial ou, de ser o caso, non presencial ou semipresencial. Terase en conta tamén o **PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021**.

Tendo en conta o anterior o profesorado fará o seguimento continuo do alumnado utilizando os medios telemáticos, compatibles coa normativa vixente e de conformidade coas mencionadas instrucións.

### 3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE ECONOMÍA DE 4º DE ESO Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Antes de concretar cómo contribue a materias do Departamento de Economía ó desenvolvemento das competencias clave, analizaremos, en primeiro lugar, qué son, cuántas son, qué elementos fundamentais as definen.

Entendese por competencia a capacidade de por en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diferentes, os coñecementos, as habilidades e as actitudes personais adquiridos durante a etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias teñen tres compoñentes: un saber (un contido), un saber facer (un procedemento, unha habilidade, unha destreza, etc.) e un saber ser ou saber estar (unha actitude determinada).

A asignatura de Economía, como materia troncal de opción de 4º da ESO das dúas opcións de ensinanzas académicas para a iniciación ao bacharelato e a opción de ensinanzas aplicadas para a iniciación á formación profesional, na primeira opción poderá cursar economía entre as materias de opción do bloque de materias troncais. Así mesmo na opción de ensinanzas aplicadas á iniciación á formación profesional, tamén poden cursar unha materia do bloque de materias troncais non cursada polo alumnos ou alumnas.

#### CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE ECONOMÍA DE 4º DE ESO Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A materia de Economía na ESO contribúe xunto co resto das materias a que o alumno adquira as capacidades que se buscan con cada competencia clave, pero tería especialmente a finalidade de desenvolver as competencias matemática, social e cívica, iniciativa e espírito emprendedor, ademais da competencia financeira que se engade de maneira extracurricular. Aínda que cada materia contribúe de maneira distinta á adquisición destas competencias básicas, o currículo de Economía contribúe especialmente ao seu desenvolvemento desta maneira:

Competencia en comunicación lingüística. A finalidade da materia de Economía radica en acadar un dominio na competencia comunicativa dos alumnos, para que ao remate da etapa educativa adquiran a capacidade de entender noticias básicas relacionadas coa economía na prensa xeneralista, así como recibir, entender e emitir mensaxes de contido económico correctamente.

Ademais deberán comprender o vocabulario económico e financeiro como pode ser entender o significado de siglas como IB, IPC, TAE, IBAN, PIN..)

A materia de Economía contribuirá á adquisición desta competencia mediante a introdución de lecturas ao longo de todos os temas, comentarios de texto periodísticos ou a confección de actividades específicas de búsqueda de información, de debate e análise.

b) Competencia Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía ( CMCCT)  
A materia contribúe á adquisición desta competencia coa introdución de ferramentas matemáticas para a resolución de problemas, ademais da lectura e interpretación de gráficos e a resolución de problemas baseados na aplicación de expresións matemáticas.

Ademais a materia resolver problemas provintes de situación cotidiás no uso dos cartos. Para o cal utilizaranse cálculos de porcentaxes, regras de tres, cálculo do tipo de interés simple e composto e comparación dos custes das distintas modalidades de pago, entre outros cálculos máis que poiderán levarse a cabo.

c) Competencia dixital Competencia no tratamento da información e competencia dixital. A nosa materia contribúe a potenciar esta competencia polo feito de ter como obxectivo proporcionar conocimientos e destrezas para búsqueda e selección de información fundamentalmente en prensa escrita. A búsqueda de información require o uso axeitado de bibliotecas, hemerotecas e o dominio das novas tecnoloxías da información para obter o máximo aproveitamento na fase de documentación á hora de facer traballos de investigación. A realización guiada destas búsquedas constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital; a elo tamén contribúe, o uso que esta materia fai dos novos medios de comunicación dixitais que implican un uso social e participativo que os alumnos deben coñecer, valorar e utilizar de xeito crítico e responsable.

Ademáis permite o entrenamiento no uso das tecnoloxías da información e comunicación (TIC), na búsqueda de información, no análise e selección de investimentos, como poden ser: O uso e adoción de medidas de seguridade en internet, saber acceder ós servizos de administración e comercio electrónico, utilizar ferramentas e aplicación como follas de cálculo para a elaboración dun presuposto familiar, analizar e comparar ofertas e prezos.

d) Competencia para aprender a aprender. A adquisición desta competencia debe permitir ao alumno poder iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe.

Búscase, a través do modo no que se presentan os contidos e do tipo de actividades plantexadas, que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado do seu aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a acadar as metas propostas.

Inténtase presentar unha serie de contidos de carácter práctico para achegar ao alumno á realidade que o rodea con capacidade crítica e reflexiva.

Ademáis intentase que a través da programación, planificación, toma de decisión e asumir responsabilidades complementen o desenvolvemento de esta competencia en tanto que supoñen unha aprendizaxe continua. A evolución do entorno financeiro require una aprendizaxe continua.

e) Competencia social e cívica. A Economía é unha ferramenta poderosa para a interpretación do mundo e poder abordar os fenómenos e problemas sociais en distintos contextos. Para poder participar na sociedade democrática, é fundamental adquirir os coñecementos que permitan comprender e analizar de maneira crítica as opinións e comportamento dos demais, respetando a diversidade.

A materia de Economía busca formar un espírito crítico e reflexivo no alumnado sobre os problemas económicos da nosa sociedade e o modo de resolvelos.

Ademáis se deberán analizar as posibles vantaxes e desvantaxes das decisión económicas, responsabilizarse do efecto colectivo y/o as consecuencias sociais derivadas das decisión financeiras tomadas e tamén reflexionar sobre os conceptos de sostenibilidade, solidariedade, corresponsabilidade e cidadanía na dimensión económica así como analizar problemas e situación da sociedade actual (as crises, noticias financeiras)

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. A consecución da competencia nos alumnos permitirá conseguir futuros cidadáns emprendedores que participen e melloren a sociedade de modo activo.

Os contidos desta materia buscan no alumno fomentar a súa capacidade de pensamento creativo, aspecto fundamental para o nacemento dos emprendedores. As actividades de análise, debate, traballo en grupo, autoavaliación, resolución de problemas e de toma de decisións son unha constante en todos os temas.

Ademáis esta materia contribúe a reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal no desenvolvemento das habilidades financeiras individuais. Todo isto poderá acadarse fomentando a motivación e a creatividade, desenvolvendo valores e actitudes persoais como a preseverancia, a capacidade de demorar a gratificación inmediata (o aforro como obxectivo) así como tomar conciencia da importancia da asertividade para comunicar disconformidade (relacións bancarias)

g) Conciencia e expresións culturais (CCEC). Dentro dos contidos trátase a globalización que tamén ten un compoñente cultural que esixe por parte do alumnado unha actitude crítica e reflexiva.

i) "Competencia financeira". (Extracurricular) Búscase a adquisición de capacidades que lles permitan a toma de decisións intelixentes en materia financeira, mantendo unha actitude crítica e analítica ante todas as ofertas que se lles presenten. Os contidos plantexados abordan a planificación de gastos, a elaboración de orzamentos, o fomento do aforro como medio para a consecución da seguridade financeira no longo prazo. O alumno debe ser capaz de xestionar de forma efectiva os seus gastos ou as débedas a curto prazo, acadando así os seus obxectivos persoais.

#### 4. OBXETIVOS DA EDUCACION SECUNDARIA OBLIGATORIA (currículo LOMCE)

A educación secundaria obligatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afinazando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individuap e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou ocial. Rexeitar os esteriotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súa capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relación coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexucios de aclquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e a experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoanl e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e pro escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura de da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas improtantes á cultura e á sociedade galega, ounoutras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 5. OBXECTIVOS POR CURSO ECONOMÍA 4º DE ESO

- Integrar o concepto de economía como ciencia da elección. Identificar os principais axentes económicos, a súa actuación e as relacións entre eles. Valorar criticamente o impacto das accións dos axentes económicos sobre o entorno.
- Adquirir e empregar vocabulario económico con precisión e rigor, de xeito que permita coñecer, valorar e interpretar a realidade económica e social que nos rodea.
- Describir a importancia da empresa e o emprendemento no proceso de creación de riqueza dunha sociedade.
- Identificar as consecuencias das actividades empresariais para a propia empresa, os seus traballadores e a sociedade no seu conxunto.
- Coñecer, controlar e xestionar as variables de ingresos e gastos dun orzamento persoal e saber decidir con racionalidade entre as distintas alternativas económicas da vida persoal e relacionalas co benestar propio e social.
- Aprender a elaborar e levar o seguimento dun orzamento persoal, familiar e empresarial.
- Analizar o papel do diñeiro no funcionamento da sociedade. Valorar o aforro como medio para acadar logros persoais.
- Explicar o papel do sector público, como garante do marco de actuación e como axente económico. Valorar criticamente os efectos da súa actuación ou ausencia de actuación respecto á igualdade e o benestar dunha sociedade.
- Diagnosticar os efectos da inflación como elemento distorsionador das decisións que toman os axentes económicos nunha sociedade.
- Analizar as características principais do mercado de traballo, as políticas de emprego e valorar as oportunidades que presentan.
- Coñecer e valorar as vantaxes que supón o comercio internacional.
- Buscar, seleccionar, comprender e valorar noticias económicas procedentes das distintas fontes.
- Facer tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando de forma axeitada as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas económicos.
  - Coñecer e comprender os dereitos e deberes que se derivan da utilización dos produtos e servizos financeiros.
  - Coñecer as recomendacións sobre seguridade cando se opere coa banca tradicional e electrónica.
  - Analizar as distintas alternativas de aforro e investimentos, tendo en conta os seus riscos e os beneficios da diversificación.
- Distinguir os distintos tipos de contas bancarias que se poden utilizar na nosa sociedade, así como outro tipo de activos financeiros relacionados coas entidades financeiras.
- Recoñece e clasifica os préstamos segundo a garantía esixida pola entidade prestamista.
- Coñece que é o tipo de xuro e as distintas variantes en que pode aparecer este concepto financeiro.
- Distingue o que é o sistema público de Seguridade Social dos sistemas de previsión privados.
- Recoñece cales son as canles a través das cales se poden presentar reclamación ante as entidades bancarias e cales son os organismos ante os que se pode continuar con esas reclamación no caso de que non estemos de acordó ca resposta dada pola entidade bancaria
- Coñece os distintos tipos de tarxetas que existen e recoñece os datos que deben figurar no anverso e no reverso das tarxetas.

## 6. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ECONOMÍA DE 4º DE LA ESO

1. Concepto de Economía.
2. A necesidade de elexir
3. Identificar os principais sectores de actividade da economía
4. Diferencia entre o concepto de microeconomía e macroeconomía.
5. Entende os conceptos de economía normativa e positiva e os distingue a partir de exemplos concretos.
6. Identificación dos factores productivos.
7. Analiza as características principais do proceso produtivo
8. Relación entre os axentes económicos a través do fluxo circular da renda.
9. A función de produción e custos a corto prazo, tanto totais, como medios. Ademais de distinguir entre custos fixos e variables
10. Cálculo dos beneficios dunha empresa.
11. Describe os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relaciona con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as da empresa
12. Idenfica fontes de financiamento da empresa distinguindo as internas das externas e as de curto das de longo prazo.
13. Diferencia os impostos que afectan as empresas e recoñece a importancia do cumprimento das obrigas fiscais
14. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento, controlando o seu grado de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.
15. Coñece o funcionamento básico do diñeiro e diferencia os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento e o seu funcionamento.
16. Coñece o funcionamento dos plans de pensións e outros produtos financeiros.
17. Coñece o concepto de seguro e a súa finalidade e as distintas clases de seguros que existen.
18. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.
19. Diferencia e explica os conceptos de débeda pública e déficit público.
20. Diferencia as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analiza as relacións entre elas e interpreta datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.
21. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.

7. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E TEMPORALIZACIÓN E PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ECONOMÍA DE 4º DE ESO:

Economía. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grado mínimo de consecución	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Ideas económicas básicas							
a d f	B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. B1.2. Principios na toma de decisións económicas. B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	CCL CSC	Identifica os axentes económicos e o conflito existente entre os recursos dispoñibles e as necesidades, clasificando as mesmas segundo a súa importancia e distinguendo entre os conceptos de pobreza e escasez.	1ª aval.	Exames
			ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	CAA CD	Identifica os problemas económicos básicos ós que se enfrentan os axentes económicos e razoa sobre as múltiples formas que existen para abordalos.	1ª aval.	Exames
f h o	B1.4. O método na economía: modelos económicos. B1.5. Fronteira de posibilidades de produción.	B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.	ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	CCL	Identifica dunha maneira axeitada os termos da área da economía	1ª aval.	Exposición oral ou escrita nun exame
			ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa.	CAA CSC	Entende os conceptos de economía normativa e positiva e os distingue a partir de exemplos concretos. Diferencia entre o concepto de microeconomía e macroeconomía.	1ª aval.	Exames
			ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de	CD CMCCT	Coñece o concepto de coste de oportunidade e	1ª aval.	Exames

Economía. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grado mínimo de consecución	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
			oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.		o identifica en diferentes situacións cotidianas. Analiza os modelos económicos como simplificación da realidade económica e a linguaxe utilizada neles. Interpreta o gráfico da FPP e o aplica ós conceptos de eficiencia, coste de oportunidade e crecemento económico.		
a f	B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación.	B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.	ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	CMCCT CSC	Coñece o modelo do fluxo circular da renda, os axentes implicados en él (so economías domésticas empresas) e a relación que se dan entre eles. Comprende o funcionamento libre dos mercados. Analiza os mecanismos do mercado desde a perspectiva técnica e gráfica. Sabe representar gráficamente nun mesmo eixo cartesiano a función de demanda e oferta. Distingue de que variables dependen a oferta e a demanda, e como se determina o punto de equilibrio de mercado a través de datos numéricos facilitados pola profesora.	1ª aval.	Exames
			ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar	CMCCT CSC	Valora casos concretos para interpretar	1ª aval.	Exames

Economía. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grado mínimo de consecución	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
			problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.		problemas económicos sobre situación concretas do seu contorno.		
Bloque 2. Economía e empresa							
a b e m	B2.1. A empresa e o/a empresario/a. B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. B2.3. Clases de empresas. B2.4. Formas xurídicas da empresa.	B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.	ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.	CMCCT CSIEE	Clasifica as empresas segundo o capital mínimo necesario para a súa constitución e as reponsabilidades legais para cada tipo de sociedade	1ª aval.	Exames
			ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	CAA CD	Relaciona as formas xurídicas de empresas máis axeitadas coas características concretas de cada empresa	1ª aval.	Exames
			ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	CSIEE CSC	Estuda e valora casos concretos sobre os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar no seu contorno máis próximo e observar os efectos positivos e negativos tanto sociais como ambientais	1ª aval.	Exames
a f e	B2.5. Proceso productivo e factores productivos. B2.6. Sectores da actividade económica.	B2.2. Analizar as características principais do proceso productivo.	ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores productivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	CMCCT CSC	Distingue os diferentes tipos de factores productivos e señala exemplos.  Calcula a produtividade	1ª aval.	Exames

Economía. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	de Competencias clave	Grado mínimo de consecución	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
					Relaciona a produtividade co concepto de eficiencia e de tecnoloxía		
			ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	CD CSC	Recoñece a importancia de diferenciar os sectores económicos Identifica os retos e oportunidades dos distintos sectores económicos	1ª aval.	Exames
e f	B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.	B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.	ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	CCL CD CMCCT	Coñece e clasifica as distintas fontes de financiamento da empresa e diferencia o financiamento externo e interno Comprende e utiliza diferentes tipos de custos, distinguindo entre custos a corto e longo prazo	1ª aval.	Exames
e f	B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación. B2.9. Resultados da empresa.	B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	CD CMCCT	Comprende a diferenza entre os custos e ingresos dunha empresa, calcula os seus beneficios ou perdas e comprende e ademais interpreta correctamente porque se da ese resultado	2ª aval.	Exames
a e f	B2.10. Obrigas fiscais das empresas.	B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.	ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	CD CMCCT	Coñece os tributos máis importantes ós que está suxeita a actividade empresarial	2ª aval.	Exames
			ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga	CSC	Vincula a actividade fiscal do Estado co	2ª aval.	Exames

Economía. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	de Competencias clave	Grado mínimo de consecución	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
			impositiva que soportan as empresas.		benestar global da sociedade		
Bloque 3. Economía persoal							
de f	B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	CAA CD CMCCT	Estima necesario a elaboración dun orzamento como ferramenta para prever os posibles ingresos e gastos Recoñece a importancia de diferenciar os ingresos e gastos dentro do orzamento Realiza o seguimento dun orzamento elaborado previamente	2ª aval.	Exames e traballos
			ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	CAA CD CMCCT	Utiliza programas informáticos como excell para levar a cabo a elaboración dun orzamento	2ª aval.	Exames e traballos e observación na aula
			ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	CAA CD CMCCT	Utiliza diagramas para poder diferenciar entre os gastos presupuestados e os gastos reais	2ª aval.	Exames e traballos e observación na aula
a d m	B3.3. Planificación económico-financieira: necesidades económicas nas etapas da vida.	B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.	ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións	CAA CSIEE	Valora a necesidade dunha planificación dos asuntos financeiros ó longo da vida. Coñece as distintas etapas do ciclo vital e a	2ª aval.	Exames

Economía. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grado mínimo de consecución	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
			tomadas e a marcha da actividade económica nacional.		renda que obtemos en cada una das mesmas		
a f	B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. B3.5. Risco e diversificación.	B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	CAA CSC	Sabe qué é o aforro e o control do gasto	2ª aval.	Exames
			ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	CAA CSC	Sabe analizar as vantaxes e inconvenientes do endebedamento e valora o risco para tomar a decisión máis axeitada en cada momento	2ª aval.	Exames
a b e f g	B3.6. O diñeiro. B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.	B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	CCL CMCCT	Coñece os termos fundamentais utilizados en operación bancarias e o funcionamento das contas bancarias.  Sabe o qué é unha conta bancaria.	2ª aval.	Exames
			ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	CCL CAA CD	Comprende a necesidade de ler interpretar a letra pequena dos contratos bancarios, así como as cláusulas destes contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas.  Valora a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan	2ª aval.	Exames

Economía. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	de Competencias clave	Grado mínimo de consecución	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
					<p>procedementos telemáticos como pode ser a banca electrónica ou online.</p> <p>Coñece os bos hábitos á hora de conectarse online co seu banco.</p>		
			ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	CAA CD	Valora a capacidade de negociación coas entidades financeiras e coñece a figura do defensor do cliente e os procedementos de reclamación ante as entidades financeiras.	2ª aval.	Exames
			ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	CCL CD CMCCT	Comprende e coñece que son as tarxetas bancarias e as súas modalidades así como os seus elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	2ª aval.	Exames
e f g	B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	CAA CCL CMCCT	Coñece que é un contrato de seguro. Distingue e clasifica os distintos tipos de seguros segundo os riscos ou situacións adversas nas etapas da vida.	2ª aval.	Exames
Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado							
a b e	B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado.	B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de	ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como	CMCCT CSC	Coñece a procedencia dos ingresos do Estado así como as	3ª aval.	Exames

Economía. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grado mínimo de consecución	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
f g ñ		ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.		principais áreas dos gastos do Estado e reflexiona sobre as súas relacións.		
			ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	CD CMCCT	Identifica e interpreta en qué gasta o Estado a través de gráficas	3ª aval.	Exames
			ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	CMCCT CSC	Coñece a existencia de ciclos económicos e comprende o comportamento dos ingresos e gastos públicos en cada fase do ciclo económico.	3ª aval.	Exames
			ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	CCL CSC	Analiza cales son os ingresos públicos que se poden prever e os gastos que se van levar a cabo.	3ª aval.	Exames
a e f	B4.2. A débeda pública e o déficit público.	B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	CCL CMCCT	Recoñece as diferenzas entre débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles	3ª aval.	Exames
a c d e f	B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.	B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	CCL CMCCT CSC	<i>Recoñece que se da a desigualdade da renda e cales son os seus efectos, así como describe os instrumentos de redistribución da renda.</i>	3ª aval.	Exames
			ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	CAA CD CMCCT	Describe mediante gráficos a redistribución da renda.	3ª aval.	Exames
Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego							

Economía. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grado mínimo de consecución	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
a c e f	B5.1. Tipos de xuro. B5.2. Inflación. B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación. B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias.	B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL CSC	Explica en qué consiste a inflación e cómo se mide, e identifica os seus efectos sobre o conxunto da economía e os distintos colectivos	3ª aval.	Exames
			ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	CCL CMCCT CSC	Analiza o funcionamento dos tipos de interés e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	3ª aval.	Exames
			ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	CD CMCCT	A través de información procedentes de diferentes fontes (libros de texto, etc.) valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	3ª aval.	Exames
a c e f	B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego en Galicia. B5.6. Perspectivas da ocupación.	B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL CMCCT CSC	Analiza as causas do desemprego e describe cal son as súas principais repercusións económicas e sociais.	3ª aval.	Exames
			ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	CD CSC	A través de páxinas oficiais analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.  Estudia os compoñentes do mercado de traballo (tasa de paro, poboación activa, etc.) e a súa evolución.	3ª aval.	Exames
			ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.	CAA CD	Coñece as tendencias do emprego. Recoñece os novos xacementos de emprego.	3ª aval.	Exames
Bloque 6. Economía internacional							
a e	B6.1. Globalización económica.	B6.1. Valorar o impacto da	ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión	CAA CSC	Coñece a interconexión das	3ª aval.	Exames

Economía. 4º de ESO							
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grado mínimo de consecución	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
f m	B6.2. Comercio internacional. B6.3. Integración económica e monetaria europea. B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade.	globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.	das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.		economías de todos os países do mundo a través da globalización. Aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos		
			ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	CCL CSC	Reflexiona sobre as consecuencias que ten o comercio internacional. <i>Identifica qué razóns xustifican o proteccionismo en relación co libre cambio.</i>	3ª aval.	Exames
			ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.	CAA CD CSC	<i>Enuncia exemplos de acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.</i>	3ª aval.	Traballos
			ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	CCL CD CSC	<i>Sabe as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.</i>	3ª aval.	Traballos
			ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	CAA CSC	<i>Recoñece os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional. Identifica o concepto de desenvolvemento sustentable e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable</i>	3ª aval.	Traballos

## 8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Na materia de Economía seguirase como texto base o libro ECONOMÍA de 4º da ESO (editorial Mc Graw-Hill). Para algunhas unidades didácticas da asignatura, a profesora preparará material específico que pasará aos alumnos.

Ao inicio de cada unidade didáctica, o/a profesor/a fará unha exposición dos novos contidos que se van explicar nessa unidade didáctica; neste sentido o docente tratará de relacionar os novos contidos cos explicados en unidades anteriores ou con contidos doutras materias. A continuación empezará a explicación da unidade seguindo o libro de texto ou o material preparado e proporcionado pola profesora, elaboraránse esquemas ou pequenos resúmenes na lousa e poráanse exemplos prácticos para axudar á comprensión dos novos contidos. O profesor fará preguntas en clase sobre os contidos explicados en sesións anteriores que nos servirán para seguir o curso das explicacións. En todo momento os alumnos poderán consultar todas as dúbidas que xurdan sobre os contidos explicados.

Ao longo da unidade e ao termo desta formularanse exercicios e leeranse textos en voz alta ben sexa polo alumno ou polo profesor/a e logo serán debatidos polo profesor/a e os alumnos/as durante a clase. Visualizarase vídeos explicativos dos conceptos explicados previamente na aula, sempre e cando haxa vídeos relativos a eses conceptos. Ademais, proporáanse traballos en grupo relacionados cos contidos explicados que serán expostos na aula, sempre e cando haxa tempo suficiente para facelo. No momento actual polo que atravesamos non podemos facer traballos en grupo a non ser que sean feitos de forma telemática.

Abordaranse de maneira autónoma e razoada problemas económicos do contorno, utilizando os procedementos de indagación das ciencias sociais e diversas fontes e medios de información, en especial as tecnoloxías e medios de información e comunicación TIC.

## 9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Manexo de bibliografía axeitada aos contidos da materia.

Os libros de texto máis axeitados á programación formulada neste proxecto é o libro ECONOMÍA de 4º da ESO (editorial Mc Graw-Hill).

O labor do profesor será fundamental xa que introducirá ao alumno nos novos coñecementos que se formulan en cada unidade, complementará as explicacións do manual a través da lectura de textos axeitados en cada caso, elaborará esquemas, actuará como moderador nos debates que se organicen.

Medios audiovisuais: Vídeo, canón e mapas se fosen necesarios.

Lectura da prensa diaria e revistas especializadas.

Utilizarase a aula virtual do centro, no caso de que o ensino non fora presencial ou semipresencial, e tamén cando se estime necesario debido a que algún alumn@ o precisase por non poder asistir a clase, ou se decida usar este medio para comunicarse cos alumnos para envío de traballos.

Consultar a información económica dispoñible a través de INTERNET.

Servicios de videoconferencia: Eduxunta webex, Falemos Edu

Organizar algunha charla, mesa redonda, conferencia na que participen persoas especializadas en temas económicos.

A maioría dos temas que se imparten nesta asignatura serán visionados mediante pantalla, agás os exercicios do final do tema que se fose necesarios serán expostos polos alumn@s ou pola profesora no encerado cando sexa necesario para a súa comprensión por parte dos alumn@s.

## 10. ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidos en cada etapa para todo o alumnado. Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As disposicións vixentes indican que se debe dar un tratamento específico ós alumnos que polas súas circunstancias os precisen e realizar, consecuentemente, as adaptacións curriculares precisas. Neste sentido, propoñemos unha introducción progresiva ós conceptos, termos e argumentos económicos co obxecto de que se adapten ás características e niveis dos alumnos.

O proceso de avaliación é un apartado axeitado para realizar o tratamento diferenciado, polas distintas características dos alumnos. Utilizando as diferentes actividades propostas na programación, detectaremos cales son as carencias importantes dos alumnos dun xeito rápido e proporanse as tarefas axeitadas para que se poidan acadar os obxectivos particulares para cada alumno.

Como xa se expuso no punto anterior, realizaranse actividades de consolidación, recuperación e reforzo, para a adaptación dos alumnos que non acadaron os coñecementos traballados, e de ampliación e autonomía, que axuden na adquisición de destrezas relacionadas co aprendizaxe autónomo.

Para aqueles alumnos que teñan dificultades para acadar os obxectivos, farase unha selección de contidos mínimos cos que se traballará.

Intentarase facer un esforzo para atender a cada alumno ou alumn@ da forma máis personalizada posible, partindo sempre da situación inicial de cada alumn@, tendo en conta o seu nivel de coñecementos e capacidades que posúe, as súas motivacións e ritmo de aprendizaxe, etc.

Para atender as necesidades dun alumno/a, debidas a condicións de capacidades diferentes, poderase establecerse un **reforzo educativo** como medida ordinaria nos termos nos que a legislación determina, modificando só elementos non prescritivos do currículo: como a secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización e atención na aula, os agrupamentos de alumnos e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Cando sexa así, o profesor ca colaboración do departamento de orientación psicopedagóxica, efectuará a adaptación curricular, ca autorización da inspección educativa correspondente.

Tamén poderá establecerse unha **adaptación curricular**, que suporía sobre a mesma programación que se determine, a modificación, reaxuste, redución, complementación, adaptación e mesmo supresión, dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación.

Tamén seguindo o disposto na orde do 27 de decembro do 2002 podería solicitarse para o alumn@ que o precise, flexibilización e/ou fragmentación de materias. Existiría, de ser o caso, a posibilidade de que o alumno/a asista as materias no propostas para a dita flexibilización, de ointe.

No caso de cursar a materia de economía de 4º de ESO alumnos extranxeiros se adaptaran as materias a temas que estén máis relacionados ca sociedade na que se desenvolveu hasta este momento facendo referencia ós problemas que teñen máis incidencia na parte do mundo da que ven. Si aparecesen dificultades idiomáticas trataríase de resolver acudindo os departamentos de idiomas ou de orientación para resolver da mellor forma posible esta peculiaridade.

## 12. AVALIACIÓN

A avaliación é unha reflexión crítica sobre o proceso de ensino-aprendizaxe no que o profesor e o alumno tratarán de determinar en qué medida se alcanzaron os obxectivos propostos en cada unha das unidades didácticas e no caso de non acadar os devanditos obxectivos, tratar de analizar a causa e adoptar as medidas correctoras oportunas. A avaliación, pois, consiste en ir recollendo información día a día sobre a evolución dese proceso de ensino-aprendizaxe, a avaliación será, polo tanto, continua. Baseándose no mencionado anteriormente, quedará claro que avaliar non é soamente dar unha nota en forma numérica, avaliar é algo máis. A continuación trataremos de concretar o que é avaliar, como e cando avaliar en relación á materia de Economía.

Trátase de fixar os criterios que se van ter en conta para determinar se o alumno alcanzou ou non os obxectivos propostos en cada unha das unidades didácticas desta materia a través da intervención educativa do profesor. Estes criterios de avaliación deben estar referidos aos principais contidos impartidos na materia.

## 13. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

### **No caso de que o ensino sexa presencial ou semipresencial**

Durante o tempo no que se desenvolve cada unidade didáctica, a profesora irá tomando datos sobre todo o proceso utilizando os seguintes procedementos de avaliación:

- Para a avaliación inicial farase un cuestionario con preguntas breves, sobre cuestións sinxelas relacionadas ca materia que se vai a impartir durante o curso, que permitirá saber os coñecementos económicos básicos que teñen os alumnos.
- Participación positiva e activa na aula, amosando interese polas actividades que se realicen. Realización das tarefas encomendadas pola profesora, tanto na aula, como pode, ser búsqueda de vocabulario e o seu significado ou búsquedas en internet e na biblioteca, así coma a entrega das tarefas ecomendadas de forma voluntaria.
- Tareas ordinarias: resolución de exercicios e problemas, preguntas plantexadas polo profesor/a dentro da aula como reforzamento do explicado en cada sesión de clase, en calquera momento da clase podese solicitar a entrega das mesmas.
- Probas escritas: exames.

**No caso de que o ensino non fora presencial** ademais das probas presenciais ou telemáticas, serán empregados como procedementos de avaliación entre outros os seguintes: intervención nas videoconferencias onde se poden plantexar dúbidas, así como outras canles como poden ser correos electrónicos onde tamén se poden plantexar dúbidas, entrega dos exercicios obligatorios e voluntarios propostos pola profesora.

## 14. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### NO CASO DE QUE O ENSINO FORA PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL

#### 14.1 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA A ASIGNATURA DE ECONOMÍA 4º ESO

A avaliación consiste en ir recollendo día a día a información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe, polo tanto, a avaliación será continua. Para avaliar o profesor/a vai empregar diferentes instrumentos:

##### a) Para a avaliación inicial

Farase un cuestionario con preguntas breves, sobre cuestións sinxelas relacionadas ca materia que se vai a impartir durante o curso, que permitirá saber os coñecementos económicos básicos que teñen os alumnos.

##### PROBAS ESCRITAS: EXAMES.

Ó longo do curso realizarase dous exames escritos cada trimestre (sempre que sexa posible), nestes exames se combinarán distintos tipos de preguntas: tipo test, de resposta corta e preguntas de desenvolvemento, así como casos prácticos relacionados cos contidos do trimestre.

Para a valoración da participación positiva e activa na aula, amosando interés polas actividades que se realicen, así como realización das tarefas encomendadas pola profesora, tanto na aula, como pode, ser búsqueda de vocabulario e o seu significado ou búsquedas en internet e na biblioteca, así coma a entrega das tarefas encomendadas de forma voluntaria teranse en conta os traballos e exercicios propostos pola profesora e elaborados polos alumnos, tanto individualmente como en grupo (no momento actual no se poderían facer traballos en grupo, soamente no caso de que se fixeran de forma telemática). Estas tarefas serán avaliadas día a día e tamén mediante o caderno de clase de cada alumn@ que deberá entregar para a súa revisión cando lle sexa solicitado pola profesora ao redor do final do trimestre.

Para a valoración das tarefas ordinarias: resolución de exercicios e problemas, preguntas plantexadas polo profesor/a dentro da aula como reforzó do explicado en cada sesión de clase, en calquera momento da clase podese solicitar a entrega das mesmas para a súa revisión terase en conta a actitude do/a alumn@ na clase: o seu grado de participación e a súa colaboración cos/cas compañeiros/as en concreto cando se trate de realizar traballos en grupo.

**As probas escritas** onde o alumno/a reflexará os coñecementos de contidos adquiridos, e onde se terá en conta a coherencia e expresión. Os aspectos máis relevantes a ter en conta con respecto ás probas escritas son:

Cada proba terá dúas partes: teoría e práctica na medida en que o permita a materia impartida.

Os criterios que se van a seguir no momento de correxir os exames son os seguintes:

Con CARÁCTER XERAL, o alumno/a deberá coidar a presentación, a orde e claridade nas respostas así como a necesidade de empregar con propiedade o vocabulario propio da materia e de evitar erros ortográficos.

Nas PREGUNTAS CORTAS valorarase especialmente a precisión e concisión na resposta. A falta de xustificación ou dun exemplo nos casos nos que se pida considerarase como resposta incompleta e baixarase a puntuación.

Nas PREGUNTAS DESENVOLVEMENTO, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ao que se pregunta, a valoración graduarase atendendo a claridade expositiva e a utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

Nas PREGUNTAS DE VERDADEIRO/FALSO non serán puntuadas se carecen da correspondente xustificación, no caso de que se pida xustificar ou argumentar por qué é verdadeira ou falsa a resposta.

No caso das probas escritas tipo TEST, as respostas incorrectas valoraranse negativamente, baixándose a cuarta parte da cualificación da resposta que fora correcta. De tal forma que por cada catro respostas incorrectas se disminuirá a puntuación na cantidade dunha resposta realizada correctamente. E as respostas sin contestar tamén se valorarán negativamente na mesma cuantía que as respostas incorrectas.

As preguntas que consistan na exposición dunha definición, se calificarán como ben ou mal, agás que na resposta alí exposta recolla o mesmo concepto que a definición, tendo unicamente a cualificación máxima cando a resposta sexa correcta.

O alumn@ repetidor terá que asistir a clase e lle serán esixidos os mesmos contidos mínimos, e aplicados os mesmos instrumentos de avaliación e criterios de cualificación ca ó resto dos seus compañeir@s. Así mesmo, deberán presentar os mesmos traballos cos seus compañeiros.

Como se mencionou anteriormente a avaliación será continua e se terán en conta os datos relacionados co traballo do alumnado ó longo de todo o proceso de aprendizaxe, especialmente en relación ós exercicios propostos na aula.

## **NO CASO DE QUE O ENSINO FORA NON PRESENCIAL**

**No caso de que o ensino non fora presencial** ademais das probas presenciais ou telemáticas, serán empregados como instrumentos de avaliación entre outros os seguintes: intervención nas videoconferencias onde se poden plantexar dúbidas, así como outras canles como poden ser correos electrónicos onde tamén se poden plantexar dúbidas, entrega dos exercicios obligatorios e voluntarios propostos pola profesora a traveso da aula virtual.

EN CONCRETO OS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA A ASIGNATURA DE ECONOMÍA 4º ESO **SERÁN:**

- 1. Participación do alumnado tanto a través de videoconferencias como a través de correo electrónico.**
- 2. Entrega de tarefas encomendadas pola profesora a ser posible dentro do prazo fixado.**
- 3. Cuestionarios ou probas obxetivas a nivel presencial ou telemático a través de plataformas dixitais como cisco webex e aula virtual do centro.**

## **15. CRITERIOS XERAIS DE CUALIFICACIÓN**

**No caso de que o ensino sexa presencial ou semipresencial**

### **15.1 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA ASIGNATURA DE ECONOMÍA 4º ESO**

As notas deberán ser números enteiros polo que o redondeo será ao número enteiro máis próximo, cando pase dun número enteiro e o primeiro decimal sexa de 5 ou superior se poñerá a cifra enteira seguinte, noutro caso quedarase ca cifra enteira anterior.

**Os criterios para acadar esta nota son os seguintes:**

A avaliación inicial so permitirá dar a coñecer os coñecementos económicos básicos que teñen os alumnos sin ter unha puntuación ou valor numérico.

Terase en conta a actitude positiva do alumn@ na clase fronte á materia, sendo esta valorada, a traveso do seu grado de participación e a súa colaboración con c@s compañeir@s, en concreto cando se trate de realizar traballos en grupo, mediante a observación na aula dentro da xornada lectiva, tendo en conta si participa nas actividades que alí se fagan, respondendo as cuestións relacionadas co tema que se está impartindo ou debatindo, así como a realización de exercicios plantexados ó longo do tema estudado (5%)

Realización das tarefas diarias de forma que sexan realizadas e entregadas dentro do prazo esixido e de forma correcta, e dicer, ben feitos. Estas serán tarefas relacionadas co vocabulario que aparece ó final de cada unidade didáctica e exercicios facilitados pola profesora, así como os que están ó final de cada tema no libro de texto. Estes exercicios presentados no prazo esixido e solucionados ou contestados de forma correcta terán un peso na puntuación do ( 10%)

Os exames terán unha ponderación do (85%)

**Para acadar unha avaliación positiva as cualificacións competenciais tamén terán que ser positivas.**

### Probas escritas

As probas escritas consistirán na realización de dous exames de un ou dous temas ou daquela materia que sexa impartida en un tempo determinado nunca de máis de dous temas, avaliaranse cunha puntuación do 1 ó 10, sendo preciso que os alumnos e alumnas acaden como mínimo unha cualificación en cada unha delas, de acordó cos criterios de cualificación que figuran nas preguntas do exame. A nota da avaliación no apartado de exames se calculará como a media aritmética destas parciais.

Estos exames consistirán en probas con contidos teórico-prácticos. Os alumn@s coñecerán a valoración de cada una das preguntas e casos prácticos antes de realizar o exame, no momento de lle ser entregado o exame. Polo tanto os criterios de cualificación indícaranse cando se entreguen as probas. As cuestións teóricas serán preguntas curtas ou tipo test, pero poderá haber unha pregunta de desenvolvemento na que a claridade de exposición e a capacidade de síntese será valorada.

Na resolución dos casos prácticos deberán figurar as operacións de modo que poida reconstruírse a argumentación lóxica e os cálculos do alumno. Nos exames prácticos onde se teña que aplicar unha fórmula matemática e despois substituír por números non se terá en conta para a calificación ou non entra na nota, o feito de que se poña a fórmula e se substitúa por números, se non se obtén o resultado final aproximado.

No caso de que en algunha avaliación fora realizado máis dun exame a recuperación se realizará sobre a materia obxecto de exames desa avaliación de forma conxunta nun só exame. Como en cada avaliación se faran dous exames de avaliación no mesmo trimestre o exame de recuperación sería da materia dos dous exames de avaliación xuntos.

Unha vez obtida a puntuación media das probas escritas, poderá axustarse a nota en función dos demais elementos que se terán en conta para a súa cualificación (traballo na clase, participación, actitude,...). En ningún caso, a cualificación final ordinaria poderá afastarse máis de 1,5 puntos (por enriba ou por debaixo) da obtida como resultado da cualificación das probas escritas.

Para superar a materia é necesario ter unha cualificación media, media aritmética das tres avaliacións, de 5 puntos.

Únicamente na recuperación final do mes de xuño na avaliación ordinaria, poderán aprobar aqueles alumnos que aínda que non acadasen o 5 en todas as probas realizadas obteñan un 5 de nota media entre todas as notas das recuperacións dos trimestres e as notas das avaliacións superadas.

No caso de que un alumn@ teña que facer unha recuperación a máxima calificación que o alumno pode obter nesa proba escrita é de cinco, dado que o contrario sería un agravio comparativo cos alumn@s que aproban a avaliación correspondente, incluída a avaliación ordinaria do mes de xuño, e as probas que se fagan ós alumnos con asignaturas pendentes, no mes de maio. No caso de que o alumn@ alcanzase unha calificación de 7 ou máis puntos nalgún dos exames mencionados anteriormente, a nota que se lle pora tanto na avaliación de xuño, tanto ordinaria como extraordinaria, como na de maio será dun 6.

No caso de que logo de facer un exame de recuperación non se acade o aprobado na avaliación, o/a alumn@ deberá recuperar a materia nun exame que terá lugar a finais de curso, en maio (no caso de alumnos con asignaturas pendentes) e xuño (evaluación ordinaria) no que terán que examinarse e deberán superar a materia das avaliacións que non teña superadas de ese curso.

Ó longo do curso, posto que a avaliación é continua, poderanse propoñer en calquera exame algunhas cuestións e tipos de exercicios postos noutros exames anteriores é que sirvan de repaso ó alumno, e neste caso si se terán tidos en conta para a cualificación da avaliación.

O alumnado que non supere algunha avaliación será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abríranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. Na cualificación da recuperación de cada avaliación a ponderación de exames, actitude positiva do alumno ou alumna fronte á materia e realización das tarefas diarias de forma que sexan realizadas e entregadas dentro do prazo esixido e de forma correcta será a mesma que para cada avaliación.

Unha vez rematada a 3ª avaliación os alumnos con algunha avaliación suspensa deberán realizar un exame nos que se traballarán os contidos relacionados ca materia non superada.

Se no desenvolvemento dalgunha proba escrita, se descubrise a algún alumno ou alumna **con “chuleta”, ou copiando doutro compañeiro, ou deixando copiar**, lle será retirado o exame inmediatamente, e se lle calificará a proba cun cero. En ningún caso poderán utilizarse dispositivos electrónicos de comunicación (teléfonos móbiles e outros dispositivos móbiles como relojes intelixentes), tendo como consecuencia de esta utilización a calificación de dita proba cun cero sempre que poiderá ser utilizado dito dispositivo como chuleta. Nos exames que as preguntas ali expostas teñan una contestación concreta non serán admitidas outras distintas das ali preguntadas, tendo como consecuencia unha redución da calificación da resposta en función da relación que teña co preguntado (entre o 30 e o 50%)

En cada exame determinarase unha hora de comezo e outra de finalización, sendo o tempo correspondente a cada exame de 50 minutos, se fose necesario algún tempo máis no debe exceder de 20 minutos. Se fose necesario podería dividirse a materia en dous exames, que se celebrarían en horas distintas e tamén podría ser en días distintos.

Teranse en conta os traballos e exercicios propostos pola profesora e elaborados polos alumnos, tanto individualmente como en grupo. Estas tarefas serán avaliadas día a día e tamén mediante o caderno de clase de cada alumno que deberá entregar para a súa revisión cando lle sexa solicitado pola profesora a redor do final do trimestre. Será esixido a presentación neste caderno no caso de economía de 4º da ESO e polo tanto será tido en conta na nota da avaliación dentro do apartado “Realización das tarefas diarias de forma que sexan realizadas e entregadas dentro do prazo esixido e de forma correcta, e dicer, ben feitos” (10%)

Terase en conta a actitude do/a alumno/a na clase: o seu grado de participación e a súa colaboración cos/cas compañeiros/as en concreto cando se trate de realizar traballos en grupo (5%)  
*No tocante á avaliación do alumnado participante en mobilidades de proxectos Erasmus +, adaptaremos o noso proceso ás actividades desenvolvidas nesa mobilidade. Aceptaremos como propias as cualificacións obtidas polo noso alumnado na súa estada fóra, empregando estas xunto coas nosas (de ser o caso) para o cálculo da nota final do trimestre afectado. No caso de ser negativas, solicitaremos da entidade receptora, modelo de exame de recuperación para o noso alumnado, ou cando menos relación das actividades desenvolvidas durante a actividade.*

#### **NO CASO DE QUE O ENSINO SEXA NON PRESENCIAL OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN SON OS SEGUINTE:**

Teranse en conta os traballos entregados dentro do prazo correspondente e as probas obxectivas realizadas de forma telemática que computarán cada un destes apartados o 50% da nota. Para poder contar os traballos dentro da nota deberán conter un mínimo do 60% dos exercicios propostos realizados de forma correcta, e deben de estar resoltos a lo menos o 90% de ditos exercicios.

No caso de que o ensino sexa non presencial a nota final do curso será a media aritmética das tres avaliacións, debendo ter unha nota media de como mínimo un cinco.

No caso de que se producirá a reincorporación ás aulas e se poiderá facer unha proba presencial dunha avaliación en concreto, o computo sería o seguinte: os traballos entregados computan o 30% e os exames presenciais o 70 %.

Para acadar unha avaliación positiva as cualificacións competenciais tamén terán que ser positivas.

## **16. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIUDAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

Nos primeiros días de clase levarase a cabo unha avaliación inicial sobre os contidos da asignatura que durante o curso se van a impartir de maneira que se poda establecer un punto de partida para comenzo das clases de economía, posto que moitos termos aparecen nos xornais e nos programas de T.V. e algúns son tratados noutras disciplinas.

A forma de facelo será por escrito e constará dun cuestionario de arredor de 11 preguntas aproximadamente, que non conta para a nota da primeira avaliación

## **17. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN**

Como criterio xeral non se propoñerá a promoción de aqueles alumnos e alumnas que, non superando a correspondente asignatura, deran sinais inequívocas de abandono da materia en función do protocolo de abandono establecido no PEC (inasistencia ás clases, actitude totalmente pasiva,...).

## **18. CRITERIOS XERAIS DE RECUPERACIÓN**

Se a dificultade da materia o aconsellase, poderanse facer exercicios que xa foran propoñidos pola profesora durante a avaliación e non foran resoltos polos alumn@s.

Os alumnos e alumnas con contidos non superados poderán recibir o apoio personalizado da profesora en calquera momento que non esté con outros alumn@s en outras clases.

O alumnado que non supere algunha avaliación será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abríranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. Na cualificación da recuperación de cada avaliación a ponderación de exames, actitude positiva do alumno ou alumna fronte á materia e realización das tarefas diarias de forma que sexan realizadas e entregadas dentro do prazo esixido e de forma correcta será a mesma que para cada avaliación.

No caso de que logo de facer un exame de recuperación non se acade o aprobado na avaliación, o/a alumn@ deberá recuperar a materia nun exame que terá lugar a finais de curso, en maio (no caso de alumnos con asignaturas pendentes) e xuño (evaluación ordinaria) no que terán que examinarse e deberán superar a materia das avaliacións que non teña superadas de ese curso.

A máxima cualificación que o alumno pode obter na recuperación é de cinco, dado que o contrario sería un agravio comparativo cos alumnos que aprobaron a avaliación correspondente. No caso de que o alumno/a alcanzase unha cualificación de 7 ou máis puntos, a nota que se lle pora tanto na recuperación da avaliación correspondente, na de maio na convocatoria de pendentes ou na ordinaria de xuño será dun 6.

## **19. PLAN PARA SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

En caso de haber algúns alumnos con materias pendentes se dividirá a materia en dous exames que se celebrarán nas datas sinaladas pola dirección do centro e en caso de que algún destes exames non fóra superado, deberá ser realizado outro exame que constará das partes non superadas en maio nas datas sinaladas pola dirección do centro.

Este curso, en principio non hai ningún alumno/a con materias pendentes polo que non se farán exames de pendentes.

## **20. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR**

Con carácter xeral, en todas as materias impartidas por este departamento, o traballo sobre as noticias económicas da prensa, os artigos de revistas e publicacións especializadas, é un elemento fundamental, polo que serán leídas durante a clase.

A interpretación da actualidade en clave económica, a súa comprensión, a visión crítica do que acontece (ou do que ás veces nos contan que está a acontecer), será tarefa habitual nas aulas e estará condicionada tanto polo desenvolvemento dos currículos como pola realidade económica que vivamos en cada momento.

Tal e como establece o noso Plan Lector, en cada unha das materias impartidas por este departamento, se elaborará ao longo do curso, e en colaboración cos rapaces, un glosario de termos específicos.

## **21. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC**

Se é posible, poderanse organizar algunhas sesións na aula de informática para que os rapaces poidan atopar na rede algunhas páxinas de interese para o emprendemento, para o traballador, para o consumidor e/ou usuario, para o contribuínte e tamén para que aprendan a traballar coas diferentes administracións públicas vía internet.

## **22. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Se o desenvolvemento da temporalización das asignaturas o permite, rematando o segundo trimestre trataremos de levar aos alumnos a visitar algunha empresa ben do contorno ou ben aquela que pola súa peculiaridade resulte máis motivadora para os alumnos.

## **23. PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS**

Queremos destacar que as cuestións económicas están actualmente presentes en multitude de aspectos e comportamentos:

### **Educación ó consumidor**

Realízase unha visión do consumo como relación necesaria para a satisfacción de necesidades humanas e se estudia ós consumidores como axentes económicos fundamentais: analízase o mercado, o consumo dende o punto de vista técnico e individual como variable macroeconómica que influirá na economía nacional e, por último, se analizan os problemas do consumo en relación coa pobreza.

### **Problemas do Terceiro Mundo e a pobreza**

Trátanse de xeito especial, relacionándoos cós factores que fan posibles as desigualdades.

### **Educación para a igualdade de oportunidades**

O estudo dos mercados de factores, e en especial o mercado de traballo, tratan o tema das desigualdades dende un punto de vista económico.

### **Formación e Orientación Laboral**

Todo o estudo da economía adentra ós alumn@s no mundo da empresa. A materia, na meirande parte das unidades, serve para que o alumno coñeza o mundo da produción, as empresas, os mercados e os elementos máis básicos dun sistema económico ó que se incorporará, chegado o momento, como traballador.

### **Educación Ambiental**

É tratado no tema da educación medioambiental tratando que o alumno reflexione sobre estes problemas actuais: o impacto no medio ambiente dos actuais métodos de produción, as posibilidades de prevelo ou solucionalo e as decisións sobre crecemento económico e ecoloxía.

### **Utilización das TIC**

Accedendo á rede para obter información en materia laboral e de saúde e hixiene no traballo, e facer xestións coas Administracións Públicas.

## Fomento da lectura

### Comprensión lectora e expresión oral e escrita

No eido da actualidade económica, laboral e social, mediante a consulta de revistas e prensa especializada. Tamén se recomendarán libros axeitados ao nivel dos alumnos. Ademais, tal e como está previsto no Plan Lector do centro, cada un dos grupos elaborará, ó longo de todo o curso, o seu glosario de termos específicos.

## 24. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

O departamento fará un estudo sobre o traballo realizado en cada materia e o comparará co previsto na presente programación, cunha periodicidade mínima trimestral.

As desviacións observadas serán analizadas para determinar a causa das mesmas e proceder, segundo sexa o caso, á súa corrección nos seguintes trimestres ou a modificación da programación de cara xa ao seguinte curso.

A avaliación é un proceso que ten por obxecto determinar en que medida lograronse os obxectivos previamente establecidos.

A avaliación da ensinanza é un proceso ininterrompido, que se inicia co diagnóstico da situación, e que pretende mellorar a acción docente mediante a continua observación e reflexión cooperativa.

Non só debe avaliarse o proceso de aprendizaxe do alumnado senón tamén o proceso de ensinanza. Neste sentido ós datos aportados por a avaliación continua dos alumnos será necesario engadir outros datos referentes a validez da programación das actividades de ensinanza deseñadas, dos recursos materiais e persoais utilizados, dos tempos e espazos previstos, da agrupación de alumnos, dos criterios de avaliación aplicados e da propia actuación do profesor/a.

## **INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRACTICA DOCENTE.**

	INDICADORES	VALORACIÓN					PROPOSTAS DE MELLORA
		5	4	3	2	1	
Planificación da clase	1. Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.						
	2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.						
	3. Existe unha distribución temporal equilibrada.						
	4. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.						

	5. Adecúa o desenvolvemento da clase ás características do grupo.						
	6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas.						
	7. Ten en conta a interdisciplinariedade en actividades, tratamento dos contidos						
	8. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afines a súa materia						
<b>Motivación do alumnado</b>	9. Formula situacións que introduzan a diversidade de estratexias (lecturas, debates, diálogos...).						
	10. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.						
	11. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.						
	12. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.						
	13. Promove a reflexión dos temas tratados.						

<b>medidas de atención á diversidade</b>	14. Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.						
	15. Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.						
	16. As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes.						
	17. Aplícanse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.						

	INDICADORES	VALORACIÓN					PROPOSTAS DE MELLORA
		5	4	3	2	1	
Desenvolvemento da ensinanza	18. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...						
	19. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...						
	20. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fora das clases.						
	21. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.						
	22. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.						
	23. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.						
	24. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.						
	25. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.						
	26. Formula actividades grupais e individuais.						
	27. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.						
	28. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.						
	29. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fora dela.						

30. Proporciona a información necesaria sobre la resolución das tarefas e como pode melloralas.						
---	--	--	--	--	--	--

## **25. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

Na avaliación do proceso de ensinanza teremos en conta:

-O contexto en que se desenvolve o proceso de ensinanza.

-Planificación do proceso de ensinanza: Programación docente.

-Desenvolvemento do proceso de ensinanza: a práctica educativa e aprendizaxe do alumnado.

Para desenvolver este proceso de avaliación dos estándares (referente do proceso evaluador), estes mediranse de forma obxectiva a través de diversos medios e instrumentos metodolóxicos como probas orais/escritas, exposicións, comentarios, traballos individuais/grupales de investigación, etc. En función do grao de cumprimento destes estándares establecidos ponderarase o resultado numérico co obxectivo de establecer a nota de cada avaliación e a nota final alcanzada polo alumno.

Dita ponderación aterase ó especificado no apartado correspondente desta programación dedicada a debullar os criterios de cualificación.

No derradeiro trimestre do curso se fará unha valoración global para, en función dos resultados acadados polos alumnos, determinar a continuidade ou non dos criterios seguidos na presente programación.

## **26. INFORMACIÓN AO ALUMNADO SOBRE A PROGRAMACIÓN.**

O primeiro día lectivo adicarase a informar aos alumnos sobre os obxectivos previstos nesta programación, os contidos, os contidos mínimos, os procedementos e criterios de avaliación.

En cada aula deixarase unha copia dos elementos desta programación que sexan de interese para o alumnado.

O texto íntegro da programación poderá ser consultado polo alumnado se así o solicitase e estará na páxina web do I.E.S. POBRA

## **27. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

As accións de contribución ó plan de convivencia están recollidas no Proxecto Educativo de Centro